

Bases do Certame de Cartas de Amor


REDACCIÓN

- ✓ As cartas deben estar redactadas, por suposto, en galego.
- ✓ En ningún caso debe aparecer o nome real do/da destinatario/a. Tan só pode aparecer, se cadra, un pseudónimo ou nome ficticio da persoa á que se dirixe..
- ✓ Pode ser redactada en prosa ou verso e con unha extensión máxima dun DIN A-4.
- ✓ O acompañamento gráfico é opcional e nunca imprescindible.
- ✓ Aquelas cartas nas que o vocabulario, expresións ou acompañamento gráfico non garden un mínimo de dignidade e decoro serán rexeitadas en primeira instancia.
- ✓ O seu deseño en canto a color, forma, etc. quedan a criterio do/da remitente.

PRESENTACIÓN

- ✓ A carta debe ser enviada en formato electrónico, podendo tratarse dun documento de texto ou achegarse correctamente escaneada ou fotografada, ben á dirección de correo dinamizacion@lestonnacferrol.com, ben a edlglestonnac@gmail.com.
- ✓ No correo deben constar os seguintes datos: o nome do/da remitente e o **curso** no que está inscrito. De tratarse dun adulto farase constar a súa relación co centro. É importante non esquecerse incluír estes datos á fin de encadralo na sección correspondente do certame.

PRAZO

- ✓ As cartas deberán se enviadas antes do vindeiro luns **día**  **de febreiro.**

XURADO

- ❖ Un xurado composto por membros do EDLG será o encargado de seleccionar aos gañadores.
- ❖ A súa **resolución** farase pública ao longo do **Día de Rosalía**, 24 de febreiro. En todo caso, resérvase a posibilidade de declarar desertos os premios do concurso. A resolución do xurado será inapelable

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- ❖ A organización resérvase o dereito a facer público o contido das cartas gañadoras mediante unha ou varias das seguintes opcións, a saber: exposición nun taboleiro do colexio ou espazo público do mesmo; lectura nos actos da festividade das Letras Galegas; inclusión en algunha das publicacións do centro (revista ou blog)...
- ❖ A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases máis arriba expostas.



¡Animádevos e participade!
¡Que a candeloría vos axude e vos ilumine!



Bases do Certame de Cartas de Amor

Coa finalidade de motivar a participación dos diversos colectivos admitidos para concursar, amplíase o abano de posibilidades temáticas admitidas baixo o epígrafe de “cartas de amor”. A modo de exemplo e suxestión, véxanse as que se citan de seguido:

- Amor real a persoa real ou ficticia. Das persoas coñecidas non se dá o nome verdadeiro.
Ex: un compañeiro/a veciño/veciña ...
- Amor platónico a persoa real ou ficticia.
- Amor ficticio a persoa real .
Ex: Mario Casas, Jennifer Lawrence, ...
- Amor ficticio a persoa ficticia.
- Amor místico.
- Amor fraternal: a papá, mamá, avó ,
- Amor tomado con sentido do humor. A un personaxe de cine ou literario, un obxecto
Ex. (manequín, radiador, ...) etc.
- ...

Valorarase especialmente a utilización de todo tipo de formulismos e tratamentos das clásicas cartas de amor.

O EDLG ten unha gran confianza en todos vós, e a esperanza de que vos animedes a participar e academos un gran éxito de participación nesta nova convocatoria..

Ánimo! E que a candeloria a todos vos ilumine,
para acadar a máis bela expresión dos vosos
sentimentos.

